

**INSTRUCCIÓN CONXUNTA DO 16 DE FEBREIRO DE 2016 DA VICERREITORÍA DE OFERTA ACADÉMICA E INNOVACIÓN DOCENTE E DA XERENCIA SOBRE CUSTOS DAS ASISTENCIAS DE MEMBROS ESTRANXEIROS DE TRIBUNAIS DE TESES DE DOUTORAMENTO**

Co obxecto de garantir unha maior eficiencia na xestión dos créditos orzamentarios asignados á defensa das teses de doutoramento, por proposta da Comisión Permanente da Escola Internacional de Doutoramento, e no marco do disposto no vixente Regulamento de estudos de doutoramento da UDC, nomeadamente no previsto no seu artigo 36 –Tribunal de avaliación–, conforme á Resolución reitoral do 12 de xaneiro de 2016 pola que se establece a estrutura orgánica dos servizos centrais da Universidade da Coruña e as competencias dos seus órganos directivos,

**RESOLVEMOS:**

Que o financiamento dos gastos de asistencia de membros estranxeiros de tribunais de tese de doutoramento seguirá as seguintes regras:

- a) caso xeral: un membro estranxeiro procedente do continente europeo
- b) teses con mención internacional: un membro estranxeiro, tanto procedente de viaxe continental como intercontinental

Para os efectos do financiamento destes gastos de asistencia non terán a consideración de estranxeiros os membros procedentes de Portugal.

O financiamento do custo dos membros estranxeiros adicionais dos tribunais de tese deberá ser asumido polo centro ou polo grupo de investigación responsable da tese de doutoramento.

Estas regras serán de aplicación aos tribunais que se conformen desde a publicación da presente instrución.

A Coruña, 16 de febreiro de 2016

A vicerreitora de Oferta Académica e Innovación Docente,



Nancy Vázquez Veiga

O xerente,



Juan M. Díaz Villoslada